

EFEGA roda unha curtametraxe sobre a necesidade de áreas cardioprotexidas

O filme que conta coa colaboración de empresas de suministros sanitarios e unha entidade deportiva, acadou o “Recoñecemento de Interese Sanitario” outorgado pola Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.



Secuencia da curtometraxe #Treadmil rodada por Efega.

12/05/2015 Efega roda unha curtametraxe para concienciar ás administracións na necesidade de creación de áreas cardioprotexidas en lugares públicos e na formación para toda a poboación en técnicas de reanimación e a utilización de desfibriladores semiautomáticos para persoal non sanitario, como único método para a supervivencia ao paro cardíaco repentino.

O filme narra a historia dun día cotiá na vida dun mozo que acude ao ximnasio a practicar deporte e sofre un evento cardíaco repentino que fai que se desplome ao chan. Durante os 5 minutos de película se pode ver a secuencia completa de actuación de clientes e persoal do centro deportivo que realiza as técnicas básicas de reanimación e emprega un desfibrilador para reestablecer as funcións vitais da vítima.

O documental titulado Treadmill, foi rodado no centro deportivo vigués “Gimnasio G21” e conta coa colaboración de diferentes empresas: A sociedade cooperativa Osatu, o fabricante de desfibriladores Bexen cardio, a empresa de suministros médicos Vitman, a productora de cine KeyAtomics, a cafetería Andial e o propio gimnasio G21.

Os interesados en recibir formación pódense informar a través da páxina web www.efega.eu ou no enderezo de correo info@efega.eu.

Ver película: <https://www.youtube.com/watch?v=ccMz9s1GRJI>